

Anexo II

Emenda nº 1

Engadir un apartado (4ª fase) na liña 140 páx.4.

4ª fase:

A aprobación en marzo de 2023 do RDL 2/2023 que completa o conxunto de leis sobre a reforma das pensións, pon de relevo unha serie de aspectos, tanto positivos coma negativos, que deberán marcar a nosa axenda a curto e medio prazo.

Por unha banda, a presión exercida nas rúas e ante as institucións polo movemento pensionista deu os seus froitos:

As pensións revalorizaranse anualmente segundo o IPC;

O Goberno xa non fala, polo menos explicitamente, de que o sistema público de pensións é insostible e que hai que reducir o gasto en pensións, senón de aumentar os ingresos para mantelo.

Para elo utilizaranse tres vías:

-Incrementando o tope máximo das cotizacións; mediante a “cotización adicional de solidariedade”, que gravará ás retribucións que superen o tope máximo de cotización; e aplicando un novo imposto sobre o salario, o “mecanismo de equidade interxeracional”.

-Adóptanse medidas, aínda que insuficientes, para aumentar as pensións mínimas, de viuvez e non contributivas e para reducir a fenda de xénero.

-Dótase de ingresos fixos ao Fondo de Reserva da SS (a “hucha” das pensións) e se desbota usalos para outros fins que non sexan o pago das pensións (gastos impropios)

Por outra parte, a lei vén a aumentar o período para o cálculo da base reguladora para as pensións futuras, pasando dos 25 anos actuais a 29, dos que se poderán descontar as vinte e catro mensualidades de menor cotización. Ademais, non derroga os recortes introducidos nas leis anteriores, nin elimina os coeficientes redutores que penalizan as longas carreiras laborais.

Xa que logo, as nosas accións futuras deberán incidir principalmente en:

- Conseguir que non haxa ningunha pensión por baixo do salario mínimo.
- Que se leve a cabo a auditoría das contas da SS aprobada no Parlamento.
- Que se eliminen as condicións que gravan as carreiras laborais de 40 e máis anos.
- Que se remate coa fenda de xénero nas pensións e nos salarios.
- Que se derroguen os recortes recollidos nas leis dos gobernos de Zapatero e Rajoy.
- Impedir calquera xeito de privatización das pensións.
- Estreitar lazos cos movementos sociais e de pensionistas internacionais para dotarnos de maior forza nas reivindicacións que nos son comúns.

Apróbase co cambio, na liña 169 de “europeos” por internacionais.

(A equipa redactora)